

ARQUITECTURA RACIONALISTA FUNCIONAL

OBRA: VILA SABOIA

AUTOR: **LE CORBUSIER** (1887-1965)

CRONOLOXÍA: 1929-31

ESTILO: Movemento Moderno. Racionalismo funcional

MATERIAIS: Formigón armado, aceiro

LOCALIZACIÓN: Poissy, Francia



LE CORBUSIER E A ARQUITECTURA RACIONALISTA

O gran crecemento da cidade moderna ao longo do S.XX obrigou a seguir planificando o seu desenvolvemento urbanístico e a buscar novas solucións de habitabilidade. Ademais, as consecuencias das dúas Guerras Mundiais marcaron a evolución da arquitectura e do urbanismo occidentais. No período de Entre-guerras xurdíu en Europa unha corrente progresista que dominaría a arquitectura do S.XX e chamada indistintamente Racionalismo, Funcionalismo ou Estilo Internacional, o que supuxo un cambio radical na concepción do espazo habitado. Os obxectivos desta corrente foron a funcionalidade, o urbanismo e a mellora das condicións físico-hixiénicas dos espazos humanos. Para iso, os edificios proxectáronse segundo a súa función, dando lugar a tipoloxías ben diferenciadas. Os trazos básicos desta corrente arquitectónica foron: o emprego de novos materiais como o vidro, o aceiro e o formigón armado; o uso práctico e funcional; a substitución das columnas e dos arcos polos piares, dominando agora a liña recta; a composición formal a base de superficies sinxelas e ortogonais, con espazos lixeiros, continuos e dinámicos, predominando as plantas diáfnas e sen recorrer a unha decoración superposta. Neste uso de novos materiais e formas construtivas, os grandes mestres foron Gropius, Mies van der Rohe, Le Corbusier e Wright, que crearon obras paradigmáticas desta nova arquitectura desde propostas e enfoques distintos.

Le Corbusier foi un pintor, teórico e arquitecto francés, considerado a principal figura mundial da arquitectura moderna. As súas teorías amosaban novos principios e formas de facer arquitectura mediante a xeometría e as proporcións, principios relacionados coa época das máquinas, do progreso, da harmonía e da racionalidade construtiva. En 1927, Le Corbusier publicou o ensaio *Os cinco puntos da nova arquitectura*, que ten na Vila Saboia a súa concreción, pasando a ser un dos edificios máis representativos da arquitectura funcionalista:

- Volume **prismático** que, a semellanza dun palafito, se eleva sobre **pilotes**, columnas de formigón armado que sosteñen o edificio illándoo do chan, quedando como suspendido no espazo.
- Fachada independente da estrutura que, ao carecer de función sustentante, permite abrir vans sen limitacións.
- Xanelas continua, grandes e alongadas, en todo o perímetro do edificio, que facilitan a iluminación e ventilación de todo o espazo interior.
- Planta libre, pois non son necesarios os muros de carga para soste a cuberta e, polo tanto, o espazo pode distribuírse ou fragmentarse libremente.
- Terrazas axardiñadas. Cuberta plana con xardín, para disfrutar da natureza e o aire libre.

COMENTARIO

Esta síntese da totalidade dos principios sostidos por Le Corbusier ata o momento é o que lle confire á casa o seu recoñecido carácter de *“obra manifesto”*. Vila Savoia é unha vivenda unifamiliar construída en Poissy entre 1928-30. Está illada no medio da campiña, concibida como segunda residencia na que descansar e desfrutar das vistas e do sol, co máximo confort e funcionalidade. O arquitecto centra toda a carga do edificio en esbeltos pilotes de aceiro, o que fai posible a libre estruturación da planta. O uso do formigón armado proporciona maior poder de resistencia e permite reducir a estrutura vertical sustentante e liberar os muros, podendo abrir fiestras continuas en cada lenzo da parede. O resultado é un paralelepípedo sobre pilotes baleirado polas súas caras e orientado para aproveitar mellor a luz e o sol. Non hai unha fachada, xa que está aberta por todos os lados. Os espazos interiores permiten o contacto de quen a habita co exterior, pero a paisaxe non aparece en toda a súa extensión, senón encadrada, formando parte da propia decoración. Ramplas interiores comunican as plantas e unha escaleira en espiral permite acceder desde abaixo á terraza. O teito convértese en terraza-xardín, lugar de lecer protexido dos ventos dominantes cunha estrutura curva. A libre disposición da planta creada por Wright vai evolucionar con Le Corbusier que supedita os tabiques interiores ás necesidades domésticas.

O exterior é un claro exemplo dos preceptos da arquitectura racionalista: proporción, simplicidade, uso de volumes e formas elementais xeométricas (o rectángulo na planta e o cubo no alzado) e ausencia de elementos decorativos superfluos, pois son o propio deseño do edificio e a súa cor branca os que aportan estética, seguindo a premisa racionalista de que *“o que funciona ben, é fermoso”*. A unha hora escasa de París, Vila Savoia foi deseñada como unha *“máquina de habitar”*: as funcións da vida cotiá son fundamentais para o deseño da vivenda. Le Corbusier busca producir vivendas “en serie” e autónomas da paisaxe, que se poidan construír en calquera lugar do planeta. No exterior, o edificio asemella unha caixa elevada sobre o terreo mediante unha serie de pilotes (delgados cilindros de formigón armado), retranqueados respecto da planta da vila. A casa parece estar flotando por encima da paisaxe soportada por delgados pilotes que se confunden coa liña de árbores do fondo, mentres que o nivel inferior está pintado de cor verde para contribuir á percepción dun volumen flotante. Trátase dunha casa sen fachada, un paralelepípedo neto cuxas catro caras están atravesadas pola ventá alongada e ofrecen a mesma resposta á paisaxe circundante.

A planta baixa contén os elementos de servizo da casa. Un dos aspectos máis interesantes é a parede de vidro curvo do nivel inferior que está concibida para coincidir co radio de xiro dos grandes automóviles de 1929, para que cando os donos manexasen por baixo do volumen puidesen entrar facilmente ao garaxe. O garaxe ocupa aproximadamente a cuarta parte da planta baixa, con capacidade para tres automóviles e substitúe o espazo que antigamente ocupaban as cuadras e os cabalos. Na parte frontal atópase a entrada do conxunto, fronte á cal ábrese un hall que conta con dous elementos principais: unha rampla que percorre de abaixo arriba todo o edificio e que constitúe a súa espiña dorsal, prolongando este movemento desde fóra cara adentro, e unha escaleira de caracol. Todo o interior do hall atópase pintado de branco. Máis afastadas da entrada aparecen tres habitacións para invitados e servizo. Destaca a profusión de aseos e retretes no interior da vila, aparentemente moi superior ás necesidades e aproveitando a auga corrente coa que se contaba.

Na planta superior, as habitacións da residencia está equipadas con fiestras corridas que se mesturan discretamente coa fachada branca e dura, liberando a fachada de calquera xerarquía. As fiestras corridas comezan a xogar coa percepción entre o interior e o exterior, o que non se fai completamente explícito ata que un se atopa no interior. Ámbolos dous niveis, o inferior e o superior, baséanse na idea dunha planta libre que provoca continuidade dos espazos. No primeiro piso o elemento central é unha gran terraza-xardín, arredor da cal sitúanse o salón, a cociña e as habitacións. Na azotea, conta cun solárium e outra terraza.

A carreira de Le Corbusier reflicte a súa preocupación polas transformacións urbanas e paisaxísticas da sociedade industrial, aportando conceptos fundamentais e de gran repercusión como os bloques colectivos que serían o prototipo de vivenda social da posguerra. Entre as súas obras máis destacadas, recordemos a Vila Savoia, a Unidade Habitacional de Marsella ou a igrexa de Ronchamp.